

GUITIRIZ

Sete grupos actuarán o domingo en Pardiñas

Guitiriz
Delegación

O XIII Festival de Pardiñas, organizado pola asociación cultural Xermolos, de Guitiriz, celebrárase o próximo domingo, día 2 de agosto. Este é o festival folk máis antigo de Galicia e contará nesta edición coas actuacións dos portugueses Cantares do Minho, o grupo santiagués Leilía, Alecrín, de Ourense, e Matto Congrio de Vigo, xunto co folk escocés de Wolfstone e a presenza de Kevin R. Weatherill, fundador e líder do grupo Inmaculate Fools.

O festival comezará arredor das cinco da tarde, co pregón, sendo Ramón Villares Paz o pregoeiro neste ano, mantendo o costume de encargarlle esta labor a un creador da comarca da Terra Cha.

Na Feira e Festa da Música e da Arte atopárase unha mostra de artesanía, exposicións de pintura, escultura, fotografía e cerámica, xuntándose deste xeito tódalas artes. A literatura tamén estará representada, coa participación de escritores coma Manuel María, Bernardino Graña, Lois Diéguez, Paco Martín, Felipe Senén e Fernán Vello. Estes serán os encargados de entregar ós nenos os premios do certame Terra Cha de literatura e debuxo infantil.

Por unha banda, a música tradicional, con Cantares do Minho, tocando gaitas, violíns, ocarinas, flautas, seixos, conchas e triqueltraques, no que destaca a espectacularidade que crean no escenario. A música popular vén da man de Leilía, que transmite nas súas cancións o legado do pobo galego.

O son de Alecrín reflicta a tradición e a evolución tanto nas súas propias cancións coma nos arranxos que fan de temas musicais de épocas anteriores. Matto Congrio combina a música folk co pop, como "herdeiros dos gaiteiros tradicionais".



BARRAS ELÉCTRICAS

AVISO

Se pone en conocimiento de los señores clientes de esta Sociedad, que por necesidades del servicio nos vemos obligados a suspender el suministro de energía eléctrica mañana, miércoles, día 29, en las siguientes zonas:

—Línea M. T. Lanzós-Villapedre-Lousada (Ayuntamientos de Villalba y Xermade), de 16 a 19 horas.

—Centros de transformación de Cadaido, en San Simón (Villalba), de 10 a 14 horas.

A efectos de seguridad, las líneas y centros de transformación afectados se considerarán en tensión, pudiendo reponerse el servicio en cualquier momento y sin previo aviso por anulación o finalización de los trabajos.

Un instituto para Vilalba no 33

Paulo Naseiro Ramudo
Vilalba era en 1933 un concello duns 20.000

habitantes, cabeza do partido do seu nome, que contaba con 48.059 almas repartidas en 101 parroquias. Tiña a capital do concello Xulgado de Primeira Instancia, Rexistro da Propiedade, dous notarios de segunda crase, oficinas de teléfonos e teléfonos, cabeceira de liña da Guarda Civil, e era cruce de sete estradas, dúas delas de categoría nacional. Pouco máis ou menos como hoxe. Mais contaba cunha importante carencia no plano educativo, pois, habendo en todo o partido 113 escolas nacionais de ensino primario, ademais de algunhas particulares, tendo unha poboación estudiantil duns 8.000 escolantes, non existía ningún centro de ensino secundario, polo que os estudantes da zona tiñan que desprazarse a diversos centros, case todos relixiosos, entre eles o Seminario de Mondoñedo, os escolapios de Monforte, ou os dos maristas en Lugo, A Coruña e Santiago.

A raíz da supresión do ensino relixioso polas Cortes republicanas, establececese a necesidade de substituí-lo monopolio eclesiástico sobre o ensino secundario; polo que se vai a autoriza-la creación de centros deste tipo d'acordo co decreto do Ministerio de Instrucción Pública de 23 de xuño de 1933 nas cabeceiras de partido xudicial.

"Forzas vivas"

Así pois, o Concello non quere desaproveita-la ocasión, e segundo acordo de 3 de xullo de 1933 convócase ás "forzas vivas" de Vilalba mediante publicación de bandos nos lugares de costume a unha reunión que deu comezo ás 18,40 horas do día 4 de xullo de 1933 na Casa do Concello, presidida polo alcalde, D. Jesús Ramil Cillero, e á que asistiron as persoas máis representativas de Vilalba, cargos públicos, presidentes de sociedades, etc, ademais de numerosos público, nunha conflictiva sesión. O primeiro problema que se prantexa é a necesidade de contar cun edificio para instala-lo Instituto, polo que se pensa no do Hospital Asilo, rematado e inaugurado dous anos antes, no 1931, e que non comenzara a funcionar ata o momento debido á imposibilidade de que unha orde relixiosa se fixese cargo del, a raíz da lei de congregacións relixiosas de 1932.

O secretario do patronato do Hospital, José Manuel Cacharrón, manifesta a imposibilidade de cede-lo edificio para fins distintos ós que contemplan os estatutos do patronato, e así o ratifican tanto o notario, Roán, como o resto dos membros da xunta do Asilo alí presentes (o presidente, Agustín López Arias, Eliseo Díaz, Manuel García Olano e Manuel Pardo).

O público comeza a protestar por esta actitude e, ante a presión popular ("dicindo que somos los culpables de que el Instituto no venga a esta villa e impo-



Xosé Ramón

O asilo albergou o instituto de segundo ensino durante a segunda República

niéndose de forma de desconsiderada") o Patronato do Hospital non tivo máis remedio que inicia-lo oportuno expediente para que se autorizase a cesión provisional da ala esquerda do edificio por un prazo máximo de cinco anos.

Noutra reunión de "forzas vivas", celebrada ó día seguinte, elixese a comisión encargada de facelas xestións oportunas para a instalación do instituto, formada, ademais do alcalde, Jesús Cillero, polo xuíz de Instrucción, Sebastián Martínez Risco; o notario, José Roán; o rexistrador da propiedade, Alfonso Fernández; o secretario do Patronato do Asilo, José María Cacharrón; o presidente do Partido Radical Socialista, Plácido Orosa Peña, e os da Agrupación Socialista, José Penabaz; do Partido Republicano Gallego, Tomás Otero; do Casino, Leopoldo Hernández del Valle; do Partido Republicano Conservador, Juan Francisco Criado; do Racing, Francisco Roca; da Sociedade de Obreiros, José Novo Pardo; do Centro Obreiro da UXT, José Parga; do Partido Republicano Radical, José María Álvarez Taladril; o director das escolas graduadas, Manuel Velayos, e o secretario da Unión Comarcal Villalbesa, Vicente Otero Cao.

Edificio enteiro

Esta comisión celebra a súa primeira sesión o mesmo día 6 de xullo do 1933, na que se elix secretario da mesma a Manuel Velayos.

Os asistentes acordan ofrecer ó Ministro de Instrucción Pública e Belas Artes o inmoble e, contra o acordo adoptado pouco antes pola xunta do hospital, se non fose suficiente a ala dereita comprométese a conseguir tódolo edificio.

Asimesmo, acordan desprazarse a Lugo ó día seguinte para falar cos membros da comisión para a substitución do ensino relixioso.

En Lugo entrevistáronse

cos deputados a Cortes Jiménez e Vega Barrera, así como co inspector de ensino primario, Ballester, que se amosan favorables ó proxecto e prometen a súa axuda. Este mesmo día, 7 de xuño, reúnese por segunda vez a comisión, e decide enviar ó ministro a solicitude do instituto, facendo varias copias da mesma para remitir ós deputados a Cortes por Galicia, ó gobernador xeral de Extremadura, o vilalés Lois Peña Novo, e a outras destacadas personalidades.

Nesta solicitude descríbese a situación educativa do partido xudicial, algúns datos demográficos e xeográficos, así como o edificio que se ofrece, comprometéndose o Concello a instituir becas anuais e a construír no futuro un edificio propio, e é enviada o día 7 de xullo do 1933.

O mesmo tempo, son curados telegramas de apoio á solicitude por parte de diversas agrupacións e concellos do partido.

Viaxe a Madrid

Entretanto, nunha das reunións que a Comisión celebraba case a diario, o día 11 de xullo o xuíz Sebastián Martínez Risco propón que se desprace en breve unha sub-comisión a Madrid para axiliza-las xestións, acordándose que a formen o alcalde Ramil, o propio Risco, o notario Roán e Plácido Orosa, e fixándose o 19 de xullo como data máis conveniente para o desprazamento.

Para sufraga-la viaxe ábrese unha subscripción popular, á que contribúen o Centro Obreiro con 15 pesetas; o PRG, con 25; a UCV, con 50; o PRS, 25; a STCC, 5; CV, 100; RCV, 25; SSM, 20; PRR, 25; AS, 30, e PRC, 25, sumando un total de 345 pesetas, comprometéndose o Concello a sufraga-lo déficit que ocasiona o viaxe.

Algúns representantes de agrupacións políticas solicitan formar parte da sub-comisión que viaxe a Madrid,

ó que se opón o alcalde polo gravame que suporía para as arcas municipais.

En Madrid, ó mesmo tempo, o deputado a Cortes por Lugo, Ubaldo Aspiazu, entrevistase a mediados de xullo co Ministro de Instrucción Pública, o cal amosa unha boa disposición hacia a instalación do Instituto de Vilalba, e incluso promete visita-la vila para ve-lo local ofrecido.

Besteiro e Risco

A Comisión entrevistase telefonicamente co deputado Aspiazu, quen da conta de que está solicitado un crédito extraordinario para o Instituto de Vilalba, insistindo na probable visita do ministro e mais na inutilidade da viaxe da sub-comisión.

Nembargantes, e dada a urxencia do asunto (ou ceais desconfiando da promessa do ministro), sondean ó mesmo tempo a opinión de varios políticos, entre eles Julián Besteiro e Manuel M. Risco. Tamén Otero Pedrayo ofrece o seu apoio incondicional ás xestións.

O 21 de xullo de 1933 celebra sesión o Pleno do Concello, que toma o acordo e comina á Comisión para que saia inmediatamente para Madrid, dado o retraso que se está a producir, ó que responden os membros da mesma coa demisión en bloque de todos eles pola falla de confianza amosada polos concelleiros. En vista desta postura, o Pleno reúnese urxentemente o día 23 e revoca a acta da sesión anterior, emitindo un voto de agradecemento ós membros da comisión pro-instituto e pregándolles que permanezan nos seus cargos.

Demisión revocada

Estes revocan a demisión o día 24, e continúan os traballos, recibindo as adhesións dos deputados Tenreiro e Basilio Álvarez. Decídese, asimesmo, fixa-la data da viaxe para o día 26 de xullo, telegrafiando a varios deputados para anuncia-la mesma.



Ana

El ambulatorio no dispone de la extensión requerida en la normativa

VILLALBA

Sanidade quiere ampliar servicios del ambulatorio

La Delegación Provincial de la Consellería de Sanidade en Lugo quiere ampliar los servicios del ambulatorio de Villalba para adecuarlos a la nueva normativa. Ascensión Yeguas, directora provincial de Atención Primaria, había hablado de esta conveniencia.

Villalba
Delegación

Según la normativa vigente, el edificio debería disponer de 1.500 metros cuadrados como mínimo, mientras que abarca sólo 600. La ampliación obligaría a adquirir los terrenos contiguos al ambulatorio, con lo cual también se plantea la posibilidad de hacer un centro nuevo, ubicado en otro punto de la villa.

El alcalde, Agustín Baamonde, asegura que "o único que sabemos de momento é o que dixo Ascensión Yeguas", sobre la conveniencia de la ampliación.

Baamonde indica que el Ayuntamiento pidió "a adaptación do centro ás necesidades actuais que o poboello está demandando", sin haber recibido respuesta.

La realización de las obras, tanto de una posible

ampliación o del desplazamiento del ambulatorio, depende de la contestación de la Consellería, quien costearía los trabajos. El Ayuntamiento tendrá que aportar los terrenos.

Agustín Baamonde manifestó su intención de "consultar ós veciños de Campo de Puente, que parecen estar preocupados" previamente a la toma de decisiones sobre el futuro del ambulatorio.

Por su parte, personas que acuden a este centro de salud, procedentes de las parroquias de alrededor, piden "un mellor servizo", y manifiestan su deseo de que el ambulatorio permanezca donde está "xa que senón, como nos desprazamos ata a estación de autobuses", se preguntan.

Así, los pacientes solicitan "persoal máis cualificado e estar ben atendidos e

non con malas razóns", mientras los propietarios de locales comerciales de Campo de Puente exponen su temor a un posible traslado hacia la Avenida da Terra Cha. Hablan de que "existen outras solucións viables, para deixalo aquí xa que hai espazo suficiente ó pé, cos solares de arredor".

Intereses

Los comerciantes inciden en que "é contraproducente que estea aquí a estación de autobuses e o ambulatorio noutro lado". Se trataría de "caciquismo e dun xogo de intereses", según alguno de ellos, que se muestran dispuestos a protestar. Para ello están organizando una asociación de vecinos, con el fin de movilizar a los demás habitantes "se finalmente deciden trasladalo".

Por el momento, según Baamonde, "esperámo-la resposta da Consellería", pero los vecinos parecen saber algo más, añadiendo que "hay gente que no está interesada en vender los terrenos que rodean el ambulatorio porque les interesa más en otro sitio".

Un instituto para Vilalba no 33 (e II)

Paulo Naseiro Ramudo

Así pois, o alcalde Ramil, Roán e Martínez Risco parten o mércores, 26 para Madrid no automóbil de aluguer de Victoriano Cascudo, chegando o xoves pola mañá. Pola tarde van ó Congreso de Deputados e entrevístanse co deputado Manuel Martínez Risco, irmán do xuíz vilalbés, quen lles informa que o Ministerio tiña o propósito de crear trinta e cinco institutos, entre os que non figuraba o de Vilalba. Máis tarde o deputado Aspiazu comunicalles que, se como parecía, non se lograba abri-lo instituto de Monforte, sería probable que se substituíse polo de vilalba. Xunto cos dous deputados visitan ó ministro nos pasillos do Congreso, "quien expresa su complacencia por el ansia cultural de Vilalba", pero alegou problemas de financiación para poder comprace-la petición. De todas maneiras solicitou un plano do edificio e unha memoria sobre a situación do ensino no partido, e pediu ós comisionados que non deixasen de traballar, pois Vilalba contaría seguramente cun Instituto cando a dispoñibilidade económica do Ministerio o permitise. Asimesmo prometteulles visita-la vila cando lle fose posible.

Tamén se entrevistaron, para solicitárle-lo seu apoio, cos deputados Tenreiro e Otero Pedrayo.

O día 28 chega a Madrid Lois Peña Novo, con quen se guen a visitar a diversos deputados, entre eles Abad-Conde, Elola e Gordón Ordás, quen lles promete que se non fose posible a creación do Instituto de ensino secundario trataría de que se concedese unha escola de artes e oficios. O sábado 29, acompañados de Peña Novo, visitan ó director xeral de Beneficencia, quen lles ofrece a súa axuda para interceder perante o Ministerio e promete resolver favorablemente o expediente para o cambio de funcións do edificio de Asilo a Instituto.

Logo volven a entrevistarse co ministro de Instrucción Pública e reitéranlle o exposto no día anterior.

O luns, último día da estancia da sub-comisión en Madrid, visitan ó gregorio deputado galeguista Alfonso R. Castela, quen lles dice que, por razóns persoais, non pode interceder ante o ministro, pero que loitará pola creación do instituto a nivel parlamentario.

De regreso a Vilalba, os comisionados dan conta das súas xestións, e publicanse na prensa local as incidencias da viaxe, dado o interés que existía na vila encol do tema.

Importaron os gastos de desprazamento un total de 1.035,66 pesetas, das que 432 corresponderon ó aluguer do automóbil e 603,66 a hotel, comidas, teléfono e gastos menores.

Por fin, mediante Decreto de 28 de outubro de 1933, o Ministerio de Instrucción Pública acorda crea-lo Instituto de Vilalba, comprometéndose o Concello a subvencionar-lo seu funcionamento con 15.000 pesetas, e encargando á Comisión que se faga cargo do seu funcionamento.

Pero o arquitecto do Ministerio desplazado para axeitar-lo inmoible ó novo uso expón a necesidade de que o centro ocupe todo o edificio, polo que o alcalde se dirixe ó Patronato para que se extenda a cesión, o que provoca a demisión do seu presidente, D. Agustín López Arias, contrario desde un primeiro momento a que se usase o inmoible para fins distintos ós fundacionais, como o demostra o feito de que ofrecera 1.000 pesetas anuais para o funcionamento do Instituto mentres os seus fillos estudasen o bacharelato, sempre que se instalase nun edificio construído especialmente.

Nunha carta dirixida ó alcalde, o día 10 de novembro, López Arias lembra os obxectivos para os que fóra creada a fundación, así como as persoas que, para este fin, contribuíron cos seus donativos, presentando, por último, a súa renuncia.

Días máis tarde, o 22 de novembro, o alcalde reclámalle "primera entrega inmediata de la llave del edificio, pues en caso de no hacerlo así se recurriría en queja donde correspondía".

Entretanto, o día 15 de outubro a xunta do Patronato do Asilo, con Eliseo Díaz Anllo substituíndo a López Arias, acorda a cesión de todo o edificio, pero baixando o prazo de cinco a dous anos, ata 30 de setembro de 1935, sendo este improrrogable.

Así pois, a finais de 1933, sen que podamos precisar-la data exacta, comezan as clases do Instituto Subvencionado de Ensino Secundario de Vilalba.

En setembro de 1935 o Concello pide ampliación do prazo de cesión por un ano, dado que non comenzaran as obras necesarias para albergar-lo centro, ó que accede a xunta do Hospital ata xuño de 1936.

Igualmente, nesta data volve o Concello a solicitar unha ampliación do prazo, acordando a xunta "conceder esta nueva prórroga, bien entendi-do que tenga o no edificio el Ayuntamiento para instalar el Instituto en el próximo mes de junio de mil novecientos treinta y siete, este Patronato se instalará en todas las dependencias de su edificio Hospital Asilo para cumplir con su finalidad conforme a sus estatutos, y que no está dispuesto el Patronato a que se causen nuevos perjuicios a la Fundación Benéfica que representa.

Con motivo da campaña realizada polas tropas franquistas no fronte de Asturias, en abril de 1937 o Patronato ofrece ó xeneral xefe da oitava rexión as dependencias do Asilo para instalar unha enfermería militar, para o cal o día 25 deste mes se procede ó desaloxado do Instituto, quedando instalada a enfermería cinco días máis tarde, o 30 de abril.

Finalizaba así o soño dun pobo que loitou polo valor máximo da cultura e da educación, tristemente truncado pola contenda que privou ós mellores fillos de España do libre desenvolvemento intelectual.

Excepuándose o paréntese que da academia privada da na antiga casa de Silverio, na Ferrería, Vilalba non contaría un centro de ensino secundario ata 1966, coa creación do I.B. Santiago Basanta Silva.

AYUNTAMIENTO DE CASTRO DE REI PROVINCIA DE LUGO ANUNCIO

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 42 b), de la Ley 11/1985, de Adaptación de la Ley del Suelo a Galicia, se somete a información pública el expediente para la construcción de un local de reuniones en el barrio de Arriba, parroquia de Lorienta de este término, según solicitud de la ASOCIACION DE VECINOS DE LORENTIA representada por doña María del Carmen Lázare González, pudiendo examinarse dicho expediente en la Secretaría del Ayuntamiento por el plazo de quince días, y formular, durante dicho, las alegaciones que se consideren oportunas mediante escrito dirigido a la Alcaldía.

Castro de Rei, 23 de Julio de 1992
EL ALCALDE,
Fdo.: Arturo Pereiro Villarino

HORMIGONES MIÑO, S. L.

Por acuerdo de la Junta General de Socios el domicilio de la Sociedad ha sido trasladado, quedando redactado el artículo cuarto de los Estatutos Sociales en la forma siguiente:

Artículo 4.º: "Su domicilio social se halla sito en Santiago de Compostela (La Coruña), Polígono Industrial "El Tambre", parcelas 121-124. Corresponde al Consejo de Administración el traslado del domicilio social dentro del término municipal, así como la creación, supresión o traslado de sucursales".

Chantada (Lugo), a 30 de Junio de 1992.—El Secretario de la Junta,
D. Jorge Molins Amat

A CHAIRA

□ **Muras.**—La Corporación municipal de Muras celebra una sesión plenaria a las ocho y media de la mañana de mañana, en la que debatirá el pliego de condiciones del tratamiento de aguas residuales, en su segunda fase. También estudiará operaciones de préstamo con el BCL, la petición de ayuda a la Consellería de Presidencia para mejora de la Casa Consistorial, proyectos de pavimentación para Batán y Piucarto. La sesión acaba con respuestas del alcalde a preguntas de la oposición.